

Praia das Eiras



A beira do río Miño ofrece varias zonas de areal aptas para o baño dentro do concello do Rosal. A principal é a praia das Eiras, situada nunha contorna natural onde destacan frondosas sobreiras e piñeiros. Neste punto poderemos acceder a dúas rutas de sendeirismo que transcorren paralelas á ribeira do río:



- Cara a Tabagón: PR-G 112 Sendeiro de Pescadores Miño -Tamuxe, de 7,5 km de lonxitude (ata o Muíño das Aceñas).



- Cara a Goián (no concello de Tomiño): a pequena senda do río Tollo, que conecta co municipio veciño.

Como chegar:

Coordenadas: 41.925013, -8.777389